

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 6 DE XULLO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a seis de xullo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- LICENZA DE OBRAS

- Andrés Saa Rubines

#### ANTECEDENTES

1. Dona Sonia Martínez Deiros, na representación que acredita no presente expediente por parte de Don ANDRÉS SAA RUBINES, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Vilela, parroquia de Vilela, solicita con data 29 de marzo de 2022 (RE-E núm. 138) licenza municipal para REHABILITACIÓN E

- AMPLIACIÓN DE CONXUNTO EDIFICATORIO EXISTENTE, con emprazamento no lugar de Vilela, parroquia de Vilela.
2. Achégase proxecto técnico básico e anexo redactados pola arquitecta Dona Sonia Martínez Deiros, en data 07/06/22.
  3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, non poderá exceder de tres (3) anos.
  4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo de núcleo rural” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a rehabilitación e ampliación dun conxunto edificatorio existente coa finalidade de adecualo ao uso de vivenda unifamiliar e anexos.
5. As obras proxectadas consisten no mantemento da traza dos volumes tradicionais orixinais do conxunto: lareira, curral e o volume nordés da edificación. Proxéctase a eliminación do forxado intermedio existente no volume noroeste e das escaleiras exteriores existentes, cedendo o espazo que ocupan actualmente á vía pública. Rehabilitarase o conxunto edificatorio eliminando aqueles elementos non orixinais ou que distorsionan a apreciación do volume tradicional orixinal, que son o volume sur e o balcón da fachada sueste. Por último e como ampliación proxéctase unha vivenda exenta que dispoña de catro fachadas ás que poder abrir ocos de iluminación e ventilación.

6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. As referencias catastrais afectadas polas obras son as seguintes:
  - 001701300NH92G0001MB (inmoble)
  - 36047A036060020000PH (parcela)
  - 36047A036000260000PP (parcela)
8. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de NOVENTA E SETE MIL EUROS (97.000,00 €).
9. Seguiuise a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
10. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
11. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a Don ANDRÉS SAA RUBINES licenza municipal para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE CONXUNTO EDIFICATORIO EXISTENTE, con emprazamento no lugar de Vilela, parroquia de Vilela, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e anexo redactados**

pola arquitecta Dona Sonia Martínez Deiros, en data 07/06/22, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse proxecto de execución redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.
- d) Previamente ao inicio das obras deberá aportarse ao Concello o nomeamento de director de execución material de obra por medio de técnico ou técnicos con atribucións legalmente establecidas para o tipo de obra obxecto da licenza e co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL NOVECIENTOS CORENTA EUROS (1.940,00 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CATROCIENTOS OITENTA E CINCO EUROS (485,00 €).

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS**

— María Aurora Fafián Calvo

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 9 de maio de 2022 (RE-E núm. 209), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA AURORA FAFIÁN CALVO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE SANTA BAIA, PARROQUIA DE SANTA BAIA DE CAMBA

DATOS DA OBRA

OBXECTO	SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS EXTERIORES EN VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	SANTA BAIA
PARROQUIA	SANTA BAIA DE CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A097060090001AS
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica redactada polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez, en data 09/05/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	5.220,01 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DEZ (10) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 29/06/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO CATRO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (104,40 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

#### ***4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE***

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 8 de xuño de 2022 (RE-E núm. 268), coas seguintes características:

##### DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ DAPARTE VILLANUEVA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE BARDELÁS, PARROQUIA DE CARBOENTES

##### DATOS DA OBRA

OBXECTO	EXECUCIÓN DE SOLEIRA DE FORMIGÓN PARA PERMITIR O ACCESO A UNHA NAVE AVÍCOLA
LUGAR	SENRA DE BAIXO
PARROQUIA	SAN PAIO DE SENRA

RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A106003780000LJ
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, en data 08/06/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.000,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 29/06/22)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA
CÓDIGO REGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 29/06/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA EUROS (60,00 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Pontevedra mediante Resolución de data 03/03/22 (expediente núm. ██████████).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

## ***5.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO***

VISTA a petición formulada polo traballador laboral indefinido, coa categoría de arquitecto técnico, Don Gerardo Abeledo Iglesias (RE núm. 1119, do 04/07/22), solicitando o recoñecemento do sexto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado na sesión celebrada o día 17 de novembro de 2008, recoñeceu o dereito ao percibo dun trienio, con data de consolidación do día 6 de xullo de 2007, e por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 14 de outubro de 2010, 17 de xullo de 2013, 26 de xullo de 2016 e 31 de xullo de 2019 recoñecéronse o dereito ao percibo dos catro seguintes trienios.

VISTO o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral indefinido Don Gerardo Abeledo Iglesias o seu dereito a percibir o sexto trienio con data de consolidación do día 6 de xullo de 2022 e con efectos económicos do día 1 de agosto de 2022.

## **6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A VILAMEÁ NA PARROQUIA DO AZ”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020**

### ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A VILAMEÁ NA PARROQUIA DO AZ” á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (42.784,15 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde durante a súa execución á facultativa redactora do proxecto.

### ***7.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIO DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA***

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Manuel Aurelio Vence Rodríguez.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 05/07/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Manuel Aurelio Vence Rodríguez

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Adelán, parroquia de Guillar

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 0,00 €/hora

### ***8.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE III”,***

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 5, correspondente á obra de “Construcción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III”, por importe de CINCUENTA MIL SEISCENTOS NOVE

EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (50.609,99 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto Don Pablo Noya Suárez e polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., por un importe total de 50.609,99 €, con cargo á correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 30 (FACe), de data 17/06/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## 9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- PABLO SOBRADO VÁZQUEZ 2.580,00 €  
Por asistencia a Plenos, Xuntas de Goberno Local e Comisións informativas no primeiro semestre de 2022, s/minuta.
- JOSÉ MANUEL CAMBA MEJUTO 610,00 €  
Por asistencia a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2022, s/minuta.
- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ OTERO 2.580,00 €  
Por asistencia a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2022, s/minuta.
- ALBERTE LAMAZARES CASERO 550,00 €  
Por asistencia a Plenos e Comisións informativas no primeiro semestre de 2022, s/minuta.
- JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ 480,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2022, s/minuta.
- XANDRA GARCÍA HERMIDA 480,00 €  
Por asistencia a Plenos no primeiro semestre de 2022, s/minuta.

- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 205,23 €, 69,39 € E 64,30 €  
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6UY0001237, TA6UY0001238, TA6UY0001257 e TA6UY0001258 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE 600,00 €  
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/recibo.
- WURTH S.L. 471,90 €  
Por xornada de apoio informático no peche contable do exercicio de 2021, s/factura núm. S0336 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 481,74 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de maio de 2022, s/factura núm. 22A00069 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 38,15 €, 551,08 €, 290,40 €, 418,20 € E 883,30 €  
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. C 9355, C 9356, C 9357, C 9358 e C 9360.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 518,93 €  
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9359.
- RADIO POPULAR S.A. – COPE 292,82 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022” na emisora, s/factura núm. 0780200129 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)